

Piano Complementario

1. Introducción	4
1.1. Marco legal	4
1.2. Características do centro e do alumnado	5
2. Metodoloxía	7
3. Atención á diversidade	9
4. Temas transversais	11
4.1. Educación en valores	11
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación	12
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	13
6. Secuenciación do 3º curso de Grao Profesional	14
6.1. Obxectivos:	14
6.2. Contidos Xerais:	14
6.3. Contidos Mínimos Esixibles:	15
6.4. Piano Complementario 1º Repertorio Indicativo:	15
6.4. Criterios de Avaliación:	15
6.5. Procedementos de Avaliación:	15
6.7. Criterios de Recuperación:	16
6.8. Sistema Alternativo de Avaliación:	16
6.9 Proba Trimestral:	16
6.10. Proba Final:	16
6.11. Proba Extraordinaria:	17
6.12. Probas de Acceso a 2º Curso:	17
6.13. *Nota de Advertencia:	17
7. Secuenciación do 4º curso de Grao Profesional	18
7.1. Obxectivos:	18
7.2. Contidos Xerais:	18
7.3. Contidos Mínimos Esixibles:	18
7.4. Piano Complementario 2º Repertorio Indicativo:	19
7.4. Criterios de Avaliación:	19
7.5. Procedementos de Avaliación:	19
7.7. Criterios de Recuperación:	20
7.8. Sistema Alternativo de Avaliación:	20
7.9 Proba Trimestral:	20
7.10. Proba Final:	20
7.11. Proba Extraordinaria:	20
7.12. Probas de Acceso a 3º Curso:	21
7.13. *Nota de Advertencia:	21
8. Secuenciación do 5º curso de Grao Profesional	22
8.1. Obxectivos:	22
8.2. Contidos Xerais:	22
8.3. Contidos Mínimos Esixibles:	22
8.4. Piano Complementario 3º Repertorio Indicativo:	23
8.4. Criterios de Avaliación:	23
8.5. Procedementos de Avaliación:	23
8.7. Criterios de Recuperación:	24
8.8. Sistema Alternativo de Avaliación:	24
8.9 Proba Trimestral:	24

8.10. Proba Final:	24
8.11. Proba Extraordinaria:	25
8.12. Probas de Acceso a 4º Curso:	25
8.13. *Nota de Advertencia:	25
9. Secuenciación do 6º curso de Grao Profesional.....	26
9.1. Obxectivos:	26
9.2. Contidos Xerais:	26
9.3. Contidos Mínimos Esixibles:	26
9.4. Piano Complementario 4º Repertorio Indicativo:	27
9.4. Criterios de Avaliación:	27
9.5. Procedementos de Avaliación:	27
9.7. Criterios de Recuperación:	28
9.8. Sistema Alternativo de Avaliación:	28
9.9 Proba Trimestral:	28
9.10. Proba Final:	28
9.11. Proba Extraordinaria:	29
9.12. *Nota de Advertencia:	29
ANEXOS:	30

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

Piano Complementario

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Piano Complementario está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos de que consta o grao profesional, e foi realizada de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantía de que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se

establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

1.2 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 120 alumnos e alumnas na súa maioría do concello. As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como problema resaltar a falta de tempo, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Concluir que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

2. Metodoloxía

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

Desde o momento no que o alumno inicia a súa aprendizaxe, no primeiro curso de Grao Elemental, o docente aplica un sistema pedagóxico baseado na aprendizaxe significativa, de modo que o alumno sempre poida relacionar os seus coñecementos previos cos novos a adquirir.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rexerán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- **Actividade:** o carácter teórico da especialidade require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndolas vai implícito no noso ensino.
- **Autonomía:** o alumnado será orientado nas clases individuais e nas colectivos, desenvolvendo a autonomía do traballo e a toma de decisións. Utilizaranse técnicas e estratexias que fagan que a transmisión de coñecementos resulte pracenteira para o docente e interesante para o alumno, favorecendo deste xeito unha participación activa do mesmo e fomentando a aprendizaxe en por sí ou de modo autónomo.
- **Creatividade:** trataremos sempre, mediante a práctica musical, de estimular a creatividade a partir da utilización da imaxinación, interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo multisensorial. Inclúiranse actividades que estimulen o pensamento.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** fomentárase a socialización nun clima de cordialidade e respecto entre o alumnado ademais de potenciando as relacións do grupo entre si e o traballo en equipo (a través da clase colectiva), facilitando na medida do posible o seu contacto co exterior (asistencia a audicións, concertos, saídas didácticas, etc.).
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que é útil noutras situacións e poderá ter unha aplicación real. Ase mesmo, tentaremos establecer obxectivos que correspondan á capacidade real do alumno, con suficiente grao de novidade e dificultade para que estimulen a súa curiosidade, utilizar unha linguaxe comprensible, estimular o reto da auto-superación, utilizar reforzos positivos e negativos en

función da situación, fomentar a participación nas clases colectivas e desenvolver actitudes positivas ante a actuación en público.

- **Interdisciplinarietà:** a relación da aprendizaxe con outras materias do curriculum adquire nos ensinos de Conservatorio unha importancia fundamental xa que todas as materias están conectadas e teñen puntos en común, polo que se fomentará unha aprendizaxe global e funcional. Desde o inicio orientarase o estudo a partir dunha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra. Fomentaremos no alumno unha escoita crítica e responsable, potenciando o esforzo e o afán de obter o máximo de si mesmo, así como actitudes adecuadas que se correspondan cunha materia de índole práctica que incide enormemente na educación do espírito e o intelecto.

Conservatorio de Música Profesional de Estrada

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc.

A aula deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo se considere oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.

Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

- **Reforzo educativo:** trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. O reforzo pode consistir en: a realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).
- **Adaptacións curriculares individualizadas:** esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non

significativas e significativas. Ocuparémonos nesta programación das adaptacións curriculares non significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagógica.

A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas previndo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

- **Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.
- **As actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuindo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.
- **Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- A **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de piano complementario, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de son, vídeos ou libros especializados.

Coa aplicación das TIC's preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- **Desenvolver a autonomía persoal:** A información proporcionada pola rede permite coñecer e contrastar un gran número de versións musicais e coñecer profesores e virtuosos das distintas especialidades instrumentais ca posibilidade de establecer contacto e obter asesoramento. Outro factor importante é que permite coñecer novas formas de empregabilidade relacionadas co campo musical ou información de relevancia respecto ó acceso a estudos superiores. O alumnado debe aprender a seleccionar a información recadada na rede e así tomar as súas propias decisións para continuar o seu proceso educativo e profesional.
- **Coñecer a realidade musical actual:** A través da rede o alumnado atópase en contacto coas noticias de actualidade, ben a través de blogs de solistas e profesorado, de coaching musicais, gravacións recentes, e diferentes portais sobre programas de estudos no estranxeiro. O propio Centro, a través de aplicacións como youtube difunde as súas actividades como audicións do alumnado, concertos e cursos.
- **Aprender a manexar novas aplicacións informáticas musicais** relacionadas ca edición da escritura musical, a gravación, a edición, e a mestura do son.
- **Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.**
- Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móbil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Organización de agrupacións de alumnos.
- Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

Conservatorio de Música Profesional da Estrada

6. Secuenciación do 3º Curso de Grao Profesional

1º curso Piano Complementario

6.1 Obxectivos:

O ensino de Piano Complementario, terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Iniciarse no estudio e a práctica do piano, como valioso e útil elemento na súa formación global como músico.
- Desenvolver as capacidades de expresión e percepción a través dun novo medio.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de xeito adecuado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en obras da dificultade propia deste primeiro curso.
- Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- Improvisar melodicamente no teclado sobre estruturas harmónicas básicas.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamento sinxelos, adaptándoos a unha estrutura harmónica determinada.
- Inventar motivos melódicos desenrolados a partir dun proceso de pregunta-resposta.

6.2 Contidos Xerais:

- Principios básicos da técnica pianística:
 1. Posición “Base” na execución pianística.
 2. Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.
 3. Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade, forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos).
 4. Desenvolvemento da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desprazamentos laterais...).
 5. Principios de dicitación pianística.
 6. Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- Coñecemento do instrumento.
- Coñecemento dos pedais e as súas funcións.
- Interpretación de obras a dúas e catro mans.
- Lectura harmónica (acordes e as súas inversións, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento diversos adaptados a cada estrutura).
- Lectura contrapuntística.
- Lectura de partituras a primeira vista.
- Análise harmónico de fragmentos sinxelos de música para teclado.

6.3 Contidos Mínimos Esixibles:

Os contidos mínimos esixibles deste curso de grao profesional desenvolveranse nos seguintes apartados:

- **Técnica:**
Fundamentos técnicos de base na execución pianística.
Traballaranse as Escalas e os Arpexos nas tonalidades de Do M y Sol M.
- **Interpretación:**
Estudio de pequenas pezas de diversos estilos adecuadas ó nivel deste 1º curso.
Estudio de pezas para piano a 4 mans.
- **Lectura a Vista:**
Práctica da lectura a vista nas tonalidades traballadas. Lectura harmónica e contrapuntística.
- **Acompañamento:**
Acompañamento de melodías nas tonalidades citadas, desenvolvendo patróns rítmicos de acompañamento sinxelos e empregando os grados I-V.
Cifrado americano.
- **Novas Grafías e Linguaxes Musicais.**

6.4 Piano Complementario 1º Repertorio Orientativo

“Piano Práctico” 1º A	A. Sánchez Peña
“El Piano” (Iniciación/Preparatorio)	Tchokov-Gemiu
“Método Europeo” vol. 1º	F. Emonts
“De Bach a Stravinsky”	A. Zipilivan
“Mikrokosmos I”	B. Bartok
“Piezas fáciles”	Kabalevski
“Piano Complementario”. Vol. I, II, III, IV. de	Emilio Molina.
“Piano Práctico”. 1º A, 1º B, 2º A, 2º B. de	A. Sánchez Peña.

6.5 Criterios de Avaliación

- Ler textos a primeira vista.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar como membro dun grupo e manifesta-la capacidade de tocar ou cantar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto dos instrumentos ou voces.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
- Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico.
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

6.6 Procedementos de Avaliación

- Técnica 20 %.
- Lectura 20 %.
- Interpretación 60 %.
- A avaliación da disciplina será continua e nela o profesor valorará de forma constante o progreso que o alumno vai experimentando durante todo o curso, así como a súa

actitude e asistencia. O resultado da avaliación final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10.

- No caso de perda do dereito á avaliación continua do alumno por exceder-lo número máximo de faltas establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, o alumno terá dereito a un exame trimestral ou final que será realizado e convocado polo seu profesor. O contido deste exame será establecido polo Departamento de Piano Complementario.
- Os instrumentos de avaliación son o caderno de aula, no que se rexistran as incidencias significativas ó longo do curso, e o boletín de cualificacións, onde se reflectiran as puntuacións obtidas polo alumno en tódalas materias do curso.
- A sesión de avaliación do alumno terá lugar ó final de cada trimestre e estará presidida polo profesor titor, (profesor de instrumento). Nela o equipo docente avaliará a evolución do alumno e formulará, no caso de existir problemas, as posibles solucións e medidas a adoptar.

6.7 Criterios de Recuperación

No caso de ter un ou dous trimestres suspensos, a recuperación realizarase no último trimestre por tratarse dunha avaliación continua, e onde o alumno terá que demostrar que acadou os obxectivos e contidos do curso.

6.8 Sistema Alternativo de Avaliación Piano Complementario 1º

Os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua deberán ser avaliados polo sistema de avaliación alternativo. Éste terá dúas diferenciacións:

- Trimestral.
- Final.

A proba será realizada por un tribunal composto por profesores do Departamento, entre os cales figurará o profesor do alumno.

O profesor de Piano Complementario orientará a estes alumnos e proporcionaralles o material que necesiten para a realización desta proba.

O contido destas probas estará sempre relacionado cos contidos da Programación, por cursos, e será o seguinte:

6.9 PROBA TRIMESTRAL.

- Interpretación de escalas e arpexos.
- Lectura a vista.
- Presentación de 3 pezas para piano (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno).
- Interpretación de 1 obra a catro mans (o acompañamento pianístico será realizado por un profesor do tribunal).

6.10 PROBA FINAL.

- Interpretación de escalas e arpexos.
- Lectura a vista.
- Presentación de 9 pezas para piano (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno).
- Presentación de 3 obras a catro mans (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno e o acompañamento pianístico será realizado por un profesor do tribunal).

6.11 PROBA EXTRAORDINARIA

No caso de que o alumno non alcance os obxectivos do curso e obteña na avaliación de xuño unha cualificación inferior a 5, contará cunha proba extraordinaria, que consistirá en demostrar, a través dunha proba práctica, que asimilou os contidos mínimos do curso, recollidos nesta programación.

6.12 PROBAS DE ACCESO

Para o acceso aos diferentes cursos de Grao Profesional (a 4º, 5º e 6º) realizaranse unhas probas para valorar os coñecementos do alumno na materia de **Piano Complementario**. No caso do acceso 3º non se lle realizará a devandita proba, xa que non se lle supoñen coñecementos previos de piano.

PROBAS DE ACCESO A 2º CURSO

- Interpretación de escalas e arpexos nas tonalidades de Do e Sol Maior.
- Lectura a vista.
- Presentación de 9 pezas para piano (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno).
- Presentación de 3 obras a catro mans (o tribunal esixirá que se interpreten o número delas que considere oportuno e o acompañamento pianístico será realizado por un profesor do tribunal).

6.13 Nota de Advertencia:

O alumno que non acade a realización dos contidos mínimos esixibles será motivo para non supera-lo curso. Quedando a criterio do profesor o nivel técnico musical e interpretativo que debe acadar o alumno para supera-lo curso correspondente.

7. Secuenciación do 4º Curso de Grao Profesional

2º curso Piano Complementario

7.1 Obxectivos:

O ensino de Piano Complementario, terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Amplia-los coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante o primeiro curso.
- Desenvolver as capacidades de expresión e percepción con instrumento.
